

1º BACHARELATO: CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

Levarase a cabo un sistema de **avaliación continua**, é dicir, a **cualificación final ordinaria** basearase no resultado obtido polo alumno nas tres **avaliacións asignando a cada unha delas unha porcentaxe diferente**, que será a seguinte:

Primeira avaliación: 15%

Segunda avaliación: 25%

Terceira avaliación: 60%

A porcentaxe se incrementa da primeira á terceira avaliación xa que, tendo en conta que tratase dunha materia de contido progresivo, os diferentes contidos acumularanse dunha proba á seguinte e dun trimestre ao outro sendo o terceiro aquel no que se avaliarán un maior número de contados.

Para o **cálculo das notas** terase en conta as seguintes **porcentaxes**:

Comprensión e expresión oral (<i>Listening & Speaking</i>)	20%
Comprensión e expresión escrita (<i>Reading: 10% & Writing:20%</i>)	30%
Coñecementos lingüísticos (<i>Grammar & Vocabulary</i>)	40%
Traballo diario	10%

LIBRO DE LECTURA:

Os alumnos poden obter ata 0.5 puntos extra **en cada avaliación facendo un traballo logo de ler, de xeito voluntario, un LIBRO DE LECTURA.**

De este modo, poténciase a lectura extensiva por parte do alumnado. O alumno selecciona un libro, preferentemente da biblioteca do centro, acorde ó seu nivel e realiza un traballo oral ou escrito seguindo as pautas indicadas polo profesor.

Na **avaliación ordinaria, a lectura de libros** e posterior realización de traballos sobre os mesmos, incrementa a nota dos alumnos desta maneira:

Se un alumno leu un libro durante o curso, engadirase 0.15 puntos á cualificación obtida, se leu dous libros engadiráanse 0.3 puntos á súa nota e 0.5 puntos se leu tres libros.

Unha vez obtidas as cualificacións das tres avaliacións e en virtude da avaliación continua, procederase a aplicarlles a porcentaxe fixada para cada unha delas:

-Primeira avaliación:15%

- Segunda avaliación: 25%

-Terceira avaliación, 60%.

O resultado obtido será a nota da avaliación final ordinaria.

•O alumno aprobará a materia Lingua Estranxeira (Inglés) 1º BACHARELATO se alcanza a puntuación de 5,00 puntos na avaliación ordinaria.

Procedemento de recuperación das avaliacións 1ª e 2ª:

Os contidos da materia teñen carácter progresivo e acumulativo, polo tanto, se un alumno suspende unha avaliación poderá recuperala na seguinte cunha nota igual ou superior a 5 sen necesidade de repetir probas.

Logo das tres avaliacións trimestrais, o **alumnado que non obteña unha cualificación positiva na avaliación ordinaria** tras aplicar as porcentaxes asignadas a cada trimestre, poderá recuperar a materia realizando unha proba na **convocatoria extraordinaria** do mes de xuño.

Esta proba constará de:

-Ejercicios de comprensión escrita: 20%

-Ejercicios de produción escrita: 20%

-Ejercicios de gramática e vocabulario: 60%

PUNTUALIZACIÓN

Si durante as probas escritas o alumno é sorprendido copiando o profesor considerará a proba suspensa con 0 puntos, puntuación que se terá en conta a todos os efectos na nota de avaliación.

